

"A novela xorde como un berro a raíz dunha inxustiza, a da discapacidade intelectual"

Manuel Esteban Domínguez (Vigo, 1971) é médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e profesor da rama sanitaria do CIFP Manuel Antonio. O pasado sábado foi galardoado co Premio Xerais de Novela pola súa primeira obra *A ira dos mansos*, unha novela que escribiu con fin terapéutico após a súa experiencia como pai dun fillo discapacitado intelectual. Conversamos con el, cando aínda admite estar “abrumado”.

M. Obelleiro 06 de xuño de 2016

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/novela-xorde-berro-raiz-dunha-inxustiza-da-discapacidade-intelectual/20160605125841048359.html>

Non podíamos comezar a entrevista doutro xeito, Manuel. Como recibe un a noticia de que foi recoñecido co Premio Xerais?

Pois... a verdade é que resulta un impacto, un *shock*... Unha sorpresa. De feito, aínda non cheguei á fase de alegrarme, aínda estou na fase de sorpresa, sobre todo porque non escribín a novela como un fin en si mesmo -imaxino que un escritor ao uso aborda a escrita con esa perspectiva-, senón que, no meu caso, escribín a obra como un medio. Tamén é certo que cando un presenta unha novela a un premio faino pensando na posibilidade moi remota de recoñecemento pero iso non o contemplaba... pois eu non teño táboas como escritor, non creo que a novela brille nin que a súa virtude sexa unha prosa literaria fantástica. A obra sae das tripas, dunha necesidade concreta, a raíz do nacemento do meu fillo maior. Ten unha finalidade terapéutica e non literaria. Por iso, a sorpresa, se cabe, é dupla.

Que o levou a escribir?

A min levoume a escribir a necesidade de expresar certo sentimento de inxustiza. Era unha especie de berro gritado entre nós, da miña xente, a raíz dunha inxustiza, a da discapacidade intelectual. Un cae do cabalo a través do que lle vai pasando na vida, e eu cheguei á discapacidade intelectual co nacemento do meu fillo. Entón, comprendín a situación que sofre ese colectivo, un exilio amábel, pero un exilio ao fin e ao cabo. Hai unha tendencia ao paternalismo e, no mellor dos casos, ao *ninguneo* deste tipo de persoas. E iso, cando o vives co teu fillo cando nace, é moi duro. Quería, en definitiva, facer de altofalante de quen ten dificultades para facer valer a súa voz.

Como definiría a obra?

Amais de médico, son docente. Non quería resultar demasiado ofensivo ou *sesudo* e tiña certo afán didáctico. Quería presentala nunha armazón atractiva e interesante. Son lector compulsivo e gosto moito da novela negra. Pensaba que podería ser interesante a vía de abordaxe a través da narrativa e, en concreto, da novela negra. Pareceume bo xénero para irmos á fronteira da moralidade da sociedade. Contar unha historia cotiá para resaltar aspectos da hipocrisía a respeito dun colectivo era difícil. Con todo, na novela negra, onde os matices contan e onde o bo ten que facer cousas malas, nesa sopa moral máis ambigua e gris, pareceume máis fácil contar o que eu quería contar, que non deixa de ser a miña visión, sobre unha situación asimétrica.

Foi durante oito anos vicepresidente de Downvigo. Tamén na obra premiada pon en valor as persoas que traballan neste ámbito.

É unha trincheira moi complicada porque a sociedade, no mellor dos casos, mira cara a outro lado. O tratamento aos colectivos con discapacidade intelectual posúe connotacións moi negativas, pero por non deixar un pouso amargo nas miñas reflexións, tamén hei de dicir que en 12 anos, a idade que ten o meu fillo maior, as cousas cambiaron aos poucos. Hai certo movemento e percepción de que non todo é como se pintaba hai 20 anos. A persoa con discapacidade ten recursos para construírse como persoa e para disfrutar do mundo, e ese é o obxectivo do ser humano: socializar e facernos nós mesmos como persoas. Vanse dando pequenos pasos que hai dez anos eran impensábeis. Agora, na asociación, temos entre 30 e 40 usuarios con contrato de traballo, a metade deles con indefinido.

O xurado puxo énfase no enfoque social desta novela negra. Di que supón “unha viaxe de superación de moitos prexuizos”. A que se refire?

Arrinca cun inspector de policía cunha personalidade cínica, que vén de volta de todo. É un home mordaz, con certa retranca, unha ferramenta de sanación fundamental que non podía deixar atrás. Este personaxe arrinca cargado de prexuizos, os habituais que se atopan na rúa, e dentro da historia o protagonista fai unha viaxe interior da man da directora da asociación de discapacidade intelectual. A medida que vai coñecendo, nesa toma de contacto, vai desfacéndose de prexuizos e finaliza sendo case o contrario, o valedor das persoas con discapacidade intelectual. Esa viaxe interior representa o que me gustaría, que a sociedade se transformara.

Que resposta agarda do lector e da lectora ao ler a súa obra?

Non o sei. Eu sei que vai haber un colectivo, porque me consta, ao que lle vai resultar reconfortante. Creo que igual que para min foi bo e saudábel o exercicio de escribir iso tamén o vai ser a lectura por parte do colectivo que rodea deste mundo, porque comprenden de que se vai falar. Pretende ser unha pílula engarzada nun boliño doce. Se esta é a maneira de chegar á xente, perfecto.

E agora que, pensa continuar escribindo?

Eu que sei... Isto foi algo conxuntural, cunha razón moi concreta da vida. Os que a leron me din que está moi ben, que é moi intensa, concentrada, que se le dun tirón... Danme a entender “escribe máis”, pero un é persoa e ten humanidade e non sei que farei. O que é certo é que me dá medo tanta expectación arredor, como nunca escribín...